

A ESCOLA DA VIDA

A nova lei galega de familia

22.05.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Tras bastantes anos en vigor da Lei galega da familia, a infancia e a adolescencia, o actual goberno galego presentou a súa proposta de nova redacción para a súa derogación. A primeira curiosidade da nova lei encontrámola xa no seu título, que agora se denomina Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Tras unha lectura do seu articulado, non se desprende cales van ser as claves da convivencia apuntada, polo que non parece lóxico que apareza esa condición no seu enunciado definitivo. Pero indo ao fondo da proposta, obsérvase moita vaguidade na súa redacción e pouca incidencia nos novos aspectos tanto das familias actuais coma dos menores aos que pretende dar cobertura. Así, moitas das situacións especiais nas que se poden encontrar os menores e as súas familias parecen ser obviadas. Entre as omisións podemos citar as dos menores estranxeiros non acompañados, as adolescentes embarazadas ou a regulación de determinadas prohibicións e limitacións nalgunhas actividades medios ou produtos nocivos para eles.

A intención do goberno e someter o texto á consulta dos axentes sociais e do resto das Administracións, coa previsión de que no mes de setembro entre no Parlamento de Galicia para o seu proceso de debate e aprobación. Polas lagoas detectadas e as imprecisións respecto doutras leis do mesmo ámbito emitidas recentemente por outras comunidades autónomas españolas augurámoslles aos seus consultores un inmenso traballo de contraste e de redefinición.

Así é todo, hai aspectos positivos que se deben subliñar, o principal, o de darlles prioridade orzamentaria ás medidas que se determinen cara ás familias, poñendo como límite inferior a porcentaxe do incremento anual medio para o correspondente exercicio nos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Galicia precisa agora dunha lei de familia ambiciosa que cumpra tanto cos novos modelos familiares como coas situacións particulares nas que se poidan atopar e que, a un tempo, presaxie as perspectivas de seu desenvolvemento a medio prazo, xa que deberá ser duradeira no tempo por riba das ideoloxías dos partidos no goberno.

Así pois, este goberno non debe ser presa da oportunidade de cambio e si debe facer ben e con amplitude de miras os seus deberes para que a Lei de familia responda verdadeiramente ás necesidades das familias galegas do século XXI.